

Reunión da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental

Data: **Martes 22 decembro 2020**

Texto da Convocatoria:

- 1) Aprobación, se procede, da acta do 5 de novembro de 2020.
- 2) Informes (actas aprobadas telemáticamente, visitas de campo, marcha módulo 2, actualización Plan Executivo de Calidade da ETSE)
- 3) Aprobación, se procede, do procedemento de realización de enquisas internas (módulos, visitas de campo, ponencias)
- 4) Aprobación, se procede, do cambio da data da acto de graduación do curso 2020-21
- 5) Aprobación, se procede, das peticións de méritos docentes (Quinquenios)
- 6) Etapas e calendario para a actualización da memoria do título. Análise da enquisa de egresados 2008-2020.
- 7) Turno aberto

Asistentes: JAA, MCB, GFC, SFL, JG, JGA, MCM, FOP, MCP, PS
Desculpan a súa asistencia:

Limiar.

O martes 22 de decembro ás 12:15 h na reúnese a Comisión Académica do Master Oficial en Enxeñaría Ambiental de xeito non presencial a través da plataforma MS Teams cos asistentes e orde do día que se indican no encabezado.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 5 de novembro de 2020

Apróbase a acta da Comisión Académica do día 5 de novembro de 2020.

2. Informes

- Nas pasadas semanas aprobáronse telemáticamente diversos puntos que se recollen nos Anexos I (11 de novembro), II (20 de novembro) e III (3 de decembro).
- Visitas de campo (A Pobra, Rábade, Pontedeume, Padrón). Coméntase a idoneidade de solicitar un autobús grande durante este curso para minimizar os problemas da pandemia.
- Marcha docencia módulo 2: sen alteracións.
- Actualización plan executivo de calidade da ETSE

3. Aprobación, se procede, do procedemento de realización de enquisas internas (módulos, visitas de campo, ponencias)

A Comisión Académica aproba por unanimidade realizar todos os cuestionarios internos do Máster (enquisas de módulos, enquisas a ponentes e enquisas sobre visitas de campo) dende a Coordinación do Máster de xeito telemático mediante aplicacións tales coma MS FORMS (ou similares).

4. Aprobación, se procede, do cambio da data da acto de graduación do curso 2020-21

Debido á situación da pandemia parece lóxico trasladar a data prevista da cerimonia de graduación (12 marzo 2021) ó mes de xullo, coincidindo coas defensas de TFM.

A Comisión Académica aproba por unanimidade trasladar o acto de graduación ó 2 de xullo de 2021.

5. Aprobación, se procede, das peticións de méritos docentes (Quinquenios)

Segundo as directrices aprobadas na reunión do 16-12-08 a Comisión valora tanto as actividades docentes e de xestión e coordinación efectuadas durante o período concreto indicado polo solicitante, como as enquisas dos alumnos. O resultado da valoración da Comisión Académica poderá ser: “Moi favorable”, “Favorable”, “Desfavorable”. As avaliacións presentadas foron as seguintes:

- **ANL**

Cursos 2015-16, 2016-17, 2017-18, 2018-19 e 2019-20

Principais actividades realizadas e indicadas na memoria:

Docencia en Máster (impartición da materia “Dereito Ambiental”, materia optativa do módulo 1.

Presenta actividades innovación docente (cursos PFID) e un Premio Leonardo á docencia (curso 2015-16).

A profesora indica a realización de cursos de formación PFID e a obtención dun Premio Leonardo a docencia no curso 2015-16. As enquisas do alumnado dispoñibles están sempre por enriba da media da titulación:

Tendo isto en conta, a Comisión Académica resolve por unanimidade emitir un informe **Moi Favorable**.

- **SFL**

Cursos 2015-16, 2016-17, 2017-18, 2018-19 e 2019-20

Principais actividades realizadas e indicadas na memoria:

Docencia en Máster (impartición compartida da materia “Calidade de Augas”, materia obrigatoria do módulo 1.

Dirixiu 15 TFM, foi titora de Prácticas Externas, presenta actividades de formación docente (9 cursos PFID), organiza anualmente visitas de campo, participou en ponencias en cursos de verán e ten actividades de xestión académica (membro da Comisión Académica deste Máster e Coordinador do Módulo 2).

En relación ás enquisas de satisfacción do alumnado, os valores obtidos están sempre por enriba da media da titulación.

Tendo isto en conta, a Comisión Académica resolve emitir un informe **Moi Favorable**.

- **GFC**

Cursos 2015-16, 2016-17, 2017-18, 2018-19 e 2019-20

Principais actividades realizadas e indicadas na memoria:

Docencia en Máster (impartición en dúas materias obrigatorias: Balances de Materia e Enerxía, Deseño Ecolóxico de Procesos e Produtos), dos módulos 1 e 6, respectivamente.

Dirixiu 24 TFM, foi titor de Prácticas Externas, participou en ponencias en congresos de innovación docente, participou na organización dun congreso de innovación docente; alta actividade no programa de divulgación A Ponte; elaboración de material docente (libro de texto, artigos); dirección de 4 teses de doutoramento; 5 premios Leonardo e un premio Leonardo á Excelencia docente; organización anual dun campus científico de verán. Amplísima actividade en xestión académica

(vice-reitor, dirección Depto. enxeñaría química, membro da Comisión Académica deste Máster e Coordinador dos Módulos 6 e 7).

En relación ás enquisas de satisfacción do alumnado, os valores obtidos están sempre moi por enriba da media da titulación.

Tendo isto en conta, a Comisión Académica resolve emitir un informe **Moi Favorable**.

- **MTMV**

Cursos 2015-16, 2016-17, 2017-18, 2018-19 e 2019-20

Principais actividades realizadas e indicadas na memoria:

Docencia en Máster (colaboración puntual en diversas materias: Tecnoloxías Limpas (15-16); Laboratorio de Tecnoloxía Ambiental (17-18); Balances de Materia e Enerxía (18-19); Deseño ecolóxico de procesos e produtos (19-20)).

Dirixiu 9 TFM, participou en ponencias en congresos de innovación docente, participou na organización dun congreso de innovación docente; elaboración de material docente (libro de texto, artigos); dirección de 6 teses de doutoramento; organización anual dun campus científico de verán. Coordinadora Erasmus. Realización de cursos 2 PFID.

En relación ás enquisas de satisfacción do alumnado, só se dispón de dous valores, un dos cales está por enriba da media da titulación (113%) e o outro parello (98%).

Tendo isto en conta, a Comisión Académica resolve emitir un informe **Moi Favorable**.

- **FOP**

Cursos 2015-16, 2016-17, 2017-18, 2018-19 e 2019-20

Principais actividades realizadas e indicadas na memoria:

Docencia en Máster (Tecnoloxías de Tratamento de Augas; Explotación de EDAR e ETAP), ambas do módulo 2.

Imparte integramente EDAR en inglés. Dirixiu 14 TFM, foi titor de Prácticas Externas, participou en ponencias en congresos de innovación docente, participou na organización dun congreso de innovación docente; elaboración de material docente (colección Esenciais da USC); dirección de 6 teses de doutoramento; organización anual dun campus científico de verán. Coordinadora Erasmus. Realización de cursos 11 PFID. Alta actividade no programa de divulgación A Ponte (22 centros visitados); dirección de 4 teses de doutoramento; 2 premios Leonardo á docencia (16-17 e 18-19). Amplia actividade en xestión académica (subdirector da ETSE, Coordinador do Máster en Enx. Ambiental, Coordinador do Módulo 5).

En relación ás enquisas de satisfacción do alumnado, durante catro anos por enriba da media da titulación (111-122%) estando no outro lixeiramente por debaixo (91%).

Tendo isto en conta, a Comisión Académica resolve emitir un informe **Moi Favorable**.

- **JASG**

Cursos 2015-16, 2016-17, 2017-18, 2018-19 e 2019-20

Principais actividades realizadas e indicadas na memoria:

Docencia en Máster (Medio Ambiente Atmosférico e Reducción de Emisións (obrigatoria) e Laboratorio de Modelización da Calidade do Aire (optativa), ambas do módulo 2). Asemade colaborou na impartición de Modelización Ambiental (18-19), materia que agora coordina e imparte conxuntamente con outro profesor (19-20).

Dirixiu 6 TFM, foi titor de Prácticas Externas, organizou 4 visitas técnicas e ponencias de empresa, fixo 1 curso PFID e coordina o módulo 3 do Máster.

En relación ás enquisas de satisfacción do alumnado, a excepción do curso 2018-19, onde estivo un 122% por enriba da media da titulación, nos restantes anos ese valor oscila entre o 67 e o 79%.

Tendo isto en conta, a Comisión Académica resolve emitir un informe **Favorable**.

6. Etapas e calendario para a actualización da memoria do título. Análise da enquisa de egresados 2008-2020.

O Coordinador expón as dúas partes do informe dos egresados realizada ao longo dos meses de novembro e decembro de 2020: a) avaliación do plan actual; b) propostas de novos contidos para o novo título.

Tras a citada exposición houbo unha ronda de comentarios que se resumen nos seguintes puntos:

- Prof. GFC: concorda básicamente coa visión ofrecida polos egresados, especialmente coa necesidade de ir de cara a unha maior optatividade, necesidade de incorporar algúns contidos de natureza máis práctica en temas de xestión de empresas e economía, a necesidade de actualizar as materias e incorporar conceptos coma Economía Circular, etc. Pensa en xeral que son reflexións que coinciden na súa práctica totalidade coas reflexións manexadas nos últimos anos na Comisión Académica do Máster e reunións de profesores.
- Prof.^a MCM: as considera como reflexións lóxicas por parte dos egresados. Manifesta que a clave será a optatividade para poder ofrecer unha certa personalización na orientación dos estudantes. Tamén indica que os resultados acadados están condicionados polo sector onde os egresados están a traballar. Indica que hai que ter en conta que a incorporación de novos contidos ten que facerse con coidado para non intentar abarcar en exceso. Pensa que en todo caso é importante esta tarefa de poñer ó día o plan de estudos do Máster.
- Prof.^a MCB: indica que moitas das reflexións que aparecen no informe xa foron incorporadas ós últimos anos de docencia da súa materia, o que mellorou significativamente a súa avaliación. Pensa que a suxerencia de incluír unha parte de prácticas ou de conexión coa xestión de datos pode ser moi importante.
- O Coordinador manifesta que efectivamente algunhas das reflexións dos egresados indicadas nos dous informes xa foron corregidas ao longo dos últimos anos.

Tras esta presentación e a ronda de intervencións indicada, quedouse en que por parte do Coordinador se propondrá unha proposta para discutir nos primeiros días de xaneiro.

As etapas máis importantes a ter en conta nos vindeiros meses son as seguintes:

- 29 xaneiro 2021: presentación da declaración de intencións
- 31 marzo 2021: presentación proposta inicial da memoria modificad

7. Turno aberto

Non hai intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, dase por rematada a reunión ás 13:40 h.

En Santiago de Compostela, a 22 de decembro de 2020



Asdo. Francisco Omil
Coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental

Anexo I

Solicitud de aprobación telemática por parte Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental

**MÁSTER OFICIAL EN ENXEÑARÍA AMBIENTAL
LISTA TFM_s ASIGNADOS SEGUNDO PREVIO ACORDO CO PROFESORADO
Curso 2020 - 21**

(Aprobación telemática - Comisión Académica do 11 de novembro de 2020)

Estudiante	Título TFM	Titor/a	Cotitor/a
Fernández Alcántara, Eduardo	Evaluación de eficiencia energética de una estación depuradora de aguas residuales industriales en Brasil	Hospido Quintana, Almudena	Mauricio Iglesias, Miguel

En Santiago de Compostela, a 11 de novembro de 2020



Asdo. Francisco Omil

Coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental

Anexo II

Solicitud de aprobación telemática por parte Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental

**MÁSTER OFICIAL EN ENXEÑARÍA AMBIENTAL
LISTA TFM_s ASIGNADOS SEGUNDO PREVIO ACORDO CO PROFESORADO
Curso 2020 - 21**

(Aprobación telemática - Comisión Académica do 20 de novembro de 2020)

Estudiante	Título TFM	Titor/a	Cotitor/a
Rey Maldonado Lisha Andreina	Composición molecular e mecanismos de estabilización do carbón azul en solos de manglar	Otero Pérez, Xosé Lois	

En Santiago de Compostela, a 20 de novembro de 2020



Asdo. Francisco Omil
Coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental

Anexo III

Solicitud de aprobación telemática por parte Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental

**MÁSTER OFICIAL EN ENXEÑARÍA AMBIENTAL
LISTA TFM_s ASIGNADOS SEGUNDO PREVIO ACORDO CO PROFESORADO
Curso 2020 - 21**

(Aprobación telemática - Comisión Académica do 3 de decembro de 2020)

Estudiante	Título TFM	Titor/a	Cotitor/a
Parte Rodríguez, Ángel	Plan de emergencia por sequía en un municipio gallego	Otero Pérez, Xosé Lois	

En Santiago de Compostela, a 3 de decembro de 2020



Asdo. Francisco Omil
Coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental